

#### IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANUNCIO do 18 de xaneiro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura do prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas nas especialidades de Acordeón (594401), Clave (594405), Fruta Travesa (594410) e Linguaxe Musical (594460).*

Primeiro

Comunícase que está aberto o prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de música e artes escénicas nas especialidades de Acordeón (594401), Clave (594405), Fruta Travesa (594410) e Linguaxe Musical (594460).

Segundo. *Requisitos*

Profesores de música e artes escénicas.

1. Titulacións.

\* A titulación de profesor superior terá preferencia sobre o título de profesor do plan do ano 1966 ou dos declarados equivalentes aínda que a puntuación do baremo sexa inferior.

Disciplina	Titulacións*
594401-Acordeón	a) Profesor superior de acordeón, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. b) Superior de acordeón, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 617/1995, do 21 de abril. c) Superior de música, especialidade interpretación, itinerario acordeón, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 631/2010, do 14 de maio. d) Profesor de acordeón, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro *.
594405-Clave	a) Profesor superior de clave, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. b) Superior de clave, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 617/1995, do 21 de abril. c) Superior de música, especialidade interpretación, itinerario clave, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 631/2010, do 14 de maio. d) Profesor de clave, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro *.



Disciplina	Titulacións*
594410-Fruta Travesa	a) Profesor superior de fruta, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. b) Superior de fruta travesa, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 617/1995, do 21 de abril. c) Superior de música, especialidade interpretación, itinerario fruta, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 631/2010, do 14 de maio. d) Profesor de fruta, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro *.
594460-Linguaxe Musical	a) Profesor superior de solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. b) Profesor superior de pedagogía musical, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. c) Superior de pedagogía da linguaxe e da educación musical, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 617/1995, do 21 de abril. d) Superior de música, especialidade pedagogía, itinerario pedagogía da linguaxe musical, segundo o plan de estudos regulado polo Real decreto 631/2010, do 14 de maio. e) Profesor de solfexo, teoría da música, transposición e acompañamento, segundo o plan de estudos regulado polo Decreto 2618/1966, do 10 de setembro *.

No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (*Boletín Oficial del Estado* do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, ben como a determinados aspectos da profesión de avogado (*Boletín Oficial del Estado* do 20 de novembro).

2. Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou ter a validación equivalente.

3. Ser español ou ter a nacionalidade doutro país membro da Unión Europea ou de calquera outro dos Estados a que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar o cónxuxe, os descendentes e os descendentes do cónxuxe, tanto dos cidadáns españois como dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea ou de Estados en que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados polo Estado español, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores cando así o prevexa o correspondente tratado, sexa cal sexa a súa nacionalidade, sempre que os cónxuxes non estean separados de dereito e, con respecto aos descendentes, sexan menores de vinte e un anos ou maiores desta idade pero vivan a cargo dos seus proxenitores.



4. Ter feitos os dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación.

Terceiro. *Prazo de solicitude*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, así como a documentación xustificativa dos requisitos mínimos exixidos e dos méritos alegados para a súa baremación, será de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e poderanse presentar en calquera rexistro oficial ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se opte por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada.

Cuarto. *Importe e pagamento dos dereitos de inscrición nas listas (código 30.03.01)*

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 16,98 euros.

Estarán exentos do pagamento, logo de xustificación documental:

- a) Persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33 %.
- b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Aplicaráselle unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data da convocatoria de probas selectivas nas cales soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

O pagamento da taxa poderase efectuar de dous xeitos diferentes:

- A través do impreso de autoliquidación –A ou AI–, en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.



• De forma telemática, no enderezo: <http://www.atriga.es/web/atriga/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/oficina-virtual-tributaria/servizos-sen-certificado>, podendo optar por:

– Un pagamento telemático puro que xeraría un modelo 730 directamente (neste caso é obrigatorio enviar o xustificante que se imprime ao efectuar o pagamento).

– Ou telemático presencial que xeraría un modelo 739, irían ao banco e logo teríase que retomar a operación na oficina tributaria virtual (OTV) para xerar o modelo 730.

Os modelos válidos que se deberán presentar como xustificante de pagamento de taxas nas fases correspondentes son os modelos A, AI e o 730.

A non presentación deste anexo, dentro de prazo, en que figure o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste anexo suporá substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

#### Quinto. *Modelo de solicitude*

O modelo de solicitude está á disposición das persoas interesadas na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es> (profesorado-xestión de profesorado).

#### Sexto. *Comisión baremadora*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderán asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na Mesa Sectorial Docente non Universitaria.

#### Sétimo

Os candidatos seleccionados terán un número de orde posterior ao do persoal interino/substituto da mesma especialidade que foi seleccionado en convocatorias anteriores.



## Oitavo

O baremo, de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da Mesa Sectorial Docente o 11 de xullo de 2006 (texto refundido publicado na Resolución do 31 de xullo de 2013, *Diario Oficial de Galicia* do 12 de agosto), será o publicado na fase de concurso da Orde do 11 de marzo de 2015 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de mestres, entre outros, na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 18 de marzo).

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2016

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

